



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias decembro 2020

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de decembro do ano 2020 acadou a cifra de 1.002.161 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de novembro de 2020 de 7.723 afiliacións (-0,76%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.048.433, rexistrando unha subida do 0,14% con respecto ao pasado mes de novembro.

Na comparativa interanual (decembro de 2020 con decembro de 2019) obsérvase unha diminución de 18.098 afiliacións no total do sistema en Galicia (-1,77%) e unha diminución do 1,86% (360.105 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de novembro de 2020, rexístrase unha subida das afiliacións en sete comunidades autónomas, destacando Andalucía (cunha taxa superior ao 0,50%). En senso contrario, Illes Balears presenta a taxa máis negativa (por debaixo do -1,00%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en quince das dezasete comunidades autónomas. Os descensos máis acusados prodúcense en Canarias (-5,53%) e Illes Balears (-4,18%), mentres que Castilla La Mancha e Murcia ascenden, pero quedándose por debaixo do 1,00%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.048.433	26.432	0,14	-360.105	-1,86
Galicia	1.002.161	-7.723	-0,76	-18.098	-1,77
Andalucía	3.124.354	28.696	0,93	-51.018	-1,61
Aragón	565.565	-1.766	-0,31	-12.912	-2,23
Asturias	360.448	-134	-0,04	-7.225	-1,97
Illes Balears	417.542	-4.411	-1,05	-18.237	-4,18
Canarias	781.685	918	0,12	-45.743	-5,53
Cantabria	215.370	-1.346	-0,62	-3.588	-1,64
Castilla La Mancha	717.899	2.896	0,41	3.863	0,54
Castilla y León	907.968	-2.826	-0,31	-16.520	-1,79
Cataluña	3.383.661	4.666	0,14	-75.716	-2,19
Comunitat Valenciana	1.935.135	2.658	0,14	-16.025	-0,82
Extremadura	391.681	-2.428	-0,62	-2.130	-0,54
Madrid	3.230.774	9.086	0,28	-71.749	-2,17
Murcia	593.332	-1.594	-0,27	2.249	0,38
Navarra	287.099	-1.307	-0,45	-2.752	-0,95
País Vasco	959.132	-49	-0,01	-21.460	-2,19
La Rioja	128.464	55	0,04	-1.856	-1,42
Ceuta e Melilla	46.164	1.040	2,31	-1.186	-2,51

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

1

O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones dende o informe de novembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Ourense é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -2,33%, o que supón 2.405 afiliacións menos, seguida de A Coruña (-2,01%), Lugo (-1,74%) e, por último, Pontevedra (-1,33%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de decembro con respecto ás do mes de novembro de 2020, rexistrouse en Galicia unha baixada do 0,76%. Todas as provincias amosan datos negativos, sendo Pontevedra a que máis decrece (-0,99%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DECEMBRO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	428.795	-2.497	-0,58	-8.804	-2,01
LUGO	120.157	-803	-0,66	-2.134	-1,74
OURENSE	100.860	-889	-0,87	-2.405	-2,33
PONTEVEDRA	352.348	-3.535	-0,99	-4.756	-1,33
GALICIA	1.002.161	-7.723	-0,76	-18.098	-1,77
ESPAÑA	19.048.433	26.432	0,14	-360.105	-1,86


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,2% das afiliacións galegas en decembro de 2020, diminuíron un 0,91% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 2,01%. En España estas taxas foron do 0,16% con respecto a novembro de 2020 e do -2,24% en relación ao mes de decembro de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,2%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega sitúase entón no -0,68%. Para este réxime e con respecto ao mes de novembro de 2020, baixan todas as provincias, agás A Coruña, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,05%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (0,07%) e intermensual (0,11%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a decembro de 2019, rexístranse baixadas en todas as provincias, agás en Lugo, destacando a caída que se produce en Pontevedra (-4,27%). A taxa galega acaba entón o -3,68%, superando á de España (-3,77%). Con respecto a novembro de 2020, atopamos taxas negativas en todas as provincias, a menor delas en A Coruña (-4,73%). A taxa galega amosa así unha diminución do 2,57% con respecto a novembro de 2020. A taxa nacional é do -4,09%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN DECEMBRO 2020	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	428.795	-0,58	-2,01
LUGO	120.157	-0,66	-1,74
OURENSE	100.860	-0,87	-2,33
PONTEVEDRA	352.348	-0,99	-1,33
GALICIA	1.002.161	-0,76	-1,77
ESPAÑA	19.048.433	0,14	-1,86
R. XERAL			
A CORUÑA	338.463	-0,65	-2,29
LUGO	85.536	-0,79	-1,86
OURENSE	77.548	-1,08	-2,71
PONTEVEDRA	272.434	-1,21	-1,51
GALICIA	773.981	-0,91	-2,01
ESPAÑA	15.716.119	0,16	-2,24
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.500	0,02	-0,77
LUGO	33.124	-0,20	-1,55
OURENSE	23.312	-0,18	-1,05
PONTEVEDRA	66.920	-0,01	-0,01
GALICIA	207.856	-0,05	-0,68
ESPAÑA	3.271.408	0,11	0,07
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.832	-4,73	-3,30
LUGO	1.497	-3,31	0,22
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.994	-1,49	-4,27
GALICIA	20.323	-2,57	-3,68
ESPAÑA	59.776	-4,09	-3,77

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 31 de decembro en Galicia, había 33.772 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (de forza maior, non de forza maior ou RDL 30/2020), 131.266 menos fronte ao máximo notificado, rexistrado o 30 de abril (-79,54%). No total de España, o número de afectados por un ERTE no último día de decembro é de 755.613, producíndose unha saída de 2.631.172 respecto ao peche de abril (-77,69%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE TOTAIS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	NOTIFICADOS A ÚLTIMO DÍA DE DECEMBRO 2020	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA
España	755.613	-2.631.172	-77,69
Galicia	33.772	-131.266	-79,54
Andalucía	102.623	-374.769	-78,50
Aragón	18.219	-68.767	-79,06
Asturias	18.937	-40.284	-68,02
Illes Balears	30.983	-110.631	-78,12
Canarias	79.206	-152.331	-65,79
Cantabria	8.436	-27.111	-76,27
Castilla La Mancha	13.870	-85.472	-86,04
Castilla y León	34.695	-110.810	-76,16
Cataluña	172.735	-505.949	-74,55
Comunitat Valenciana	47.150	-302.484	-86,51
Extremadura	5.407	-34.482	-86,44
Madrid	121.755	-444.552	-78,50
Murcia	12.935	-66.751	-83,77
Navarra	8.586	-41.171	-82,74
País Vasco	41.073	-111.799	-73,13
La Rioja	3.594	-18.024	-83,37
Ceuta e Melilla	1.637	-4.519	-73,41

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada dende máximos ten lugar en Lugo (-80,92%) con 12.932 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE TOTAIS. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIAS	NOTIFICADOS A ÚLTIMO DÍA DE DECEMBRO 2020	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	14.629	-54.901	-78,96
LUGO	3.050	-12.932	-80,92
OURENSE	3.755	-14.000	-78,85
PONTEVEDRA	12.338	-49.433	-80,03
GALICIA	33.772	-131.266	-79,54

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>